



CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada ó día 28/11/2019 acordou aprobar definitivamente o suplemento de crédito 05/2019.

De conformidade co disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publica o resumo do mesmo por capítulos

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 05/2019 por importe de 80.719,97 €

	Capítulos	Previsións 2019	Modificacións	Previsións definitivas
1	Impostos Directos	2.487.754,40		2.487.754,40
2	Impostos Indirectos	70,000,00		70,000,00
3	Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos	662.178,73		662.178,73
4	Transferencias correntes	3.065.066,89		3.065.066,89
5	Ingresos Patrimoniais	6.308,06		6.308,06
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	563.493,46		563.493,46
8	Activos financeiros	1.181.662,30	80.719,97	1.262.382,27
9	Pasivos financeiros	0,00		0,00
	TOTAL	8.036.463,84	80.719,97	8.117.183,81

	Capítulos	Créditos 2019	Modificacións	Previsións definitivas
1	Gastos de Persoal	3.029.283,42	0,00	3.029.283,42
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.838.899,09	0,00	2.838.899,09
3	Gastos financeiros	16.570,21	0,00	16.570,21
4	Transferencias correntes	278.938,84	0,00	278.938,84

6	Investimentos Reais	1.164.826,46	80.719,97	1.245.546,43
7	Transferencias de Capital	114.744,11	0,00	114.744,11
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	593.201,71	0,00	593.201,71
	TOTAL	8.036.463,84	80.719,97	8.117.183,81

Chantada, 28 de novembro do 2019.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez..

R. 3629

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 15/2019, de suplementos de crédito e créditos extraordinarios, por un importe total de douscentos setenta e oito mil oitocentos euros (278.800,00 €), cuarto de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3615

COSPEITO

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO TERCER TRIMESTRE DE 2019.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde – Presidente mediante Resolución do 19/11/19 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao Terceiro trimestre de 2019 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“PRIMEIRO. Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 54.350,58€ (IVE incluído) correspondente ao 3º trimestre de 2019 e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
3º T 2019	21.451,76	21.889,34	365,10	8.494,88	2.149,50	54.350,58

SEGUNDO. Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2019 modificado por resolución de alcaldía de data 14.10.2019:

Padrón	Período voluntario de cobro
3º Trimestre 2019	Do 11/11/2019 ao 13/01/2020

TERCEIRO. *Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.*

CUARTO. *Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”*

(...).”

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Banco Pastor e Abanca). Transcorridos ditos prazos iníciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 19 de novembro de 2019 O Alcalde, Armando Castosa Alvareño.

R. 3566

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión EXTRAORDINARIA celebrada o día 22 de novembro de 2019, adoptou, entre outros o acordo 1/743 NOMEAMENTO DE DON MIGUEL LÓPEZ PALACIOS COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE SARXENTO

BOMBEIRO, GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C; SUBGRUPO C1; ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: SERVICIOS ESPECIAIS; CLASE: SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear a DON MIGUEL LÓPEZ PALACIOS como funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de Sarxento Bombeiro (grupo de titulación: grupo C; subgrupo: C1; escala: administración especial; subescala: servizos especiais; clase: servizo de extinción de incendios).

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado ó interesado coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 27 de novembro de 2019.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3614

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local número 7/722 do día 13 de novembro de 2019, aprobouse, entre outros, o procedemento de licitación para a **CONCESIÓN DEMANIAL DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS E NA PRAZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2019-069.**

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** Este prego ten por obxecto establecer as condicións para o outorgamento de concesión demanial para a ocupación privativa dos postos da Praza Municipal de Abastos e o Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, que se relacionan no apartado 12 do prego técnico.

b) **Prazo de duración:** De conformidade co artigo 17 da Ordenanza e os pregos técnicos o prazo da concesión será de **25 anos dende a sinatura da acta de inicio sen posibilidade de prórroga.** Esta duración establécese sen prexuízo da posibilidade de revogación ou rescate da concesión de conformidade coa Ordenanza Municipal reguladora de prazas e mercados do Concello de Lugo e Ordenanza Fiscal pola prestación do servizo de mercados ou polas causas establecidas neste prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimento:** aberto.

4.- **Tipo de licitación:** O concesionario estará obrigado ao pagamento da taxa pola prestación do servizo de mercados de conformidade co artigo 3ª da Ordenanza Fiscal num. 114 reguladora da taxa pola prestación do servizo de mercado debendo cumprir as obrigas establecidas nela ou a que estea vixente en cada momento.

5.- Garantías:

a) **Provisional:** Non se esixe.

b) **Definitiva:** De conformidade co artigo 7º da Ordenanza Fiscal así como artigo 18 da Ordenanza reguladora o que resulte seleccionado para ser concesionario deberá constituír antes da resolución favorable á concesión un depósito en metálico de contía equivalente ao importe de tres mensualidades incrementado nun 10%.

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos dos contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos técnicos e administrativos.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións será de **TRINTA días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusulas e novena do prego de cláusulas administrativas.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou enviadas na forma indicada no artigo 38 da LPACAP.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrarase ó **terceiro día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación ás 13:00 horas agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo ou noutro rexistro distinto ao do Concello de Lugo.

No caso de que a apertura e exame da documentación se realice en día distinto ó sinalado anteriormente, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

10.- Outras informacións: As que se recollen nos pregos técnicos e administrativos.

Lugo, 25 de novembro de 2019.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3616

NAVIA DE SUARNA*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 27/11/2019, o **expediente de modificación de créditos nº 9 do exercicio 2019**, que comprende **suplemento de crédito**, por importe de **16.500,00 €**, financiado con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais derivados da liquidación do exercicio 2018, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposto ó público por prazo de quince días, a efectos de exame e reclamacións, podendo examinarse na Secretaría Municipal en horario de 9,00 a 14,00 horas.

Navia de Suarna, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 3630

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 27/11/2019, o **expediente de modificación de créditos por suplementos, nº 10, do exercicio 2019**, por importe total de **74.677,51 €**, financiado con cargo ó superávit derivado da liquidación do exercicio 2018, para financiación de investimentos financeiramente sostibles, queda exposto ó público por prazo de quince días, a efectos de exame e reclamacións, podendo examinarse na Secretaría Municipal en horario de 9,00 a 14,00 horas.

Navia de Suarna, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 3631

OUIROL*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2019, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de OUTUBRO de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de tres mil cincocentos cincuenta e un euros con sesenta e dous céntimos (3.551,62 €), dos que mil trescentos noventa e

sete euros con dez céntimos (1.397,10 €) corresponden a libre concorrència e dous mil cento cincuenta e catro euros con cincuenta e dous céntimos (2.154,52 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 15 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3569

PARADELA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2020

Aprobado inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2019, o Proxecto de Orzamento Xeral, as bases de execución, o anexo de inversións e cadros de financiamento e o cadro de persoal para o exercicio 2020, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría do Concello, polo prazo de 15 días hábiles, que se contarán dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no B.O.P., co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións e suxestións que se consideren pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Paradela, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 3632

QUIROGA

Anuncio

COMUNIDADE DE “USUARIOS DE AUGAS DE CAMPOS DE VILA, REVIDE E A TOCA” TÉRMINO MUNICIPAL DE QUIROGA, PROVINCIA DE LUGO.

CONVOCATORIA DE ASEMBLEA CONSTITUTIVA

Os veciños de Campos de Vila, Revide e A Toca, convocan unha reunión para acordar a constitución da “Comunidade de usuarios de augas de Campos de Vila, Revide e A Toca”. A asemblea constitutiva terá lugar no Centro social de Campos de Vila s/n, cp. 27239 Quiroga, o día 28 de decembro de 2019, ás 12:00 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda convocatoria. Os puntos a tratar serán os seguintes:

1. Constitución da Comunidade de Usuarios.
2. Formalización de relación de usuarios.

3. Nomeamento dos cargos da Comisión encargada de redactar os proxectos de ordenanzas e reglamentos, así como o seu presidente.

Quiroga, 27 de novembro de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 3617

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **13 de novembro de 2019** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de outubro de 2019**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 13 de novembro de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3570

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 08/11/2019 e 18/11/2019 o Padrón SAF do mes de outubro de 2019 e o Padrón da taxa polo Servizo de recollida de lixo rural do 3º Trimestre de 2019, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 22 de novembro de 2019.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 3571

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2020

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 28 de novembro de 2019, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico 2020, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Taboada, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3633

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **15 de novembro de 2019**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

COSPEITO: titular: DON JOSÉ MANUEL BOUZA VERDES. DNI 32800714T.

Substituto: JOSÉ MANUEL RUS RODRÍGUEZ. DNI 33336210X.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incurso en algunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 18 de novembro de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 3575

XULGADO DO SOCIAL N.º 1 SALAMANCA

Anuncio

Dª MARIA LUISA SANCHEZ LORENZO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 1 de SALAMANCA, HAGO SABER:

Que en el PROCEDIMIENTO ORDINARIO 81/2019 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D. ARMANDO GONZALEZ VAQUERO contra la empresa GECONSA ESPJ, sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

SENTENCIA N° 183/19

En Salamanca a veinte de mayo de dos mil diecinueve.

Vistos por la Ilma. Sra. Dª INES REDONDO GRANADO, Magistrada Juez del Juzgado de lo Social nº 1 de Salamanca y su Partido, los presentes autos nº 81/2019, seguidos ante este Juzgado a instancia de DON ARMANDO GONZALEZ VAQUERO, como demandante, asistido por el Letrado Don Pedro Javier Sánchez de la Parra Pérez, contra la empresa "GECONSA C.B.", y contra el FONDO DE

Código Seguro de Verificación E04799402-MI:faJx-jwYu-mKGh-XbBF-F Puede verificar este documento en <https://www.administraciondejusticia.gob.es>

GARANTIA SALARIAL, no comparecidos en autos, como demandados, sobre RECLAMACION DE CANTIDAD.

FALLO:

Que **estimando** la demanda formulada por DON ARMANDO GONZALEZ VAQUERO, contra la empresa "GECONSA C.B.", y el FONDO DE GARANTIA SALARIAL, debo condenar y condeno a la empresa demandada a abonar al actor la suma total de DOS MIL DOSCIENTOS NOVENTA Y DOS EUROS CON OCHENTA CENTIMOS (2.292,80 €), incrementada con el 10% de interés por mora, con la responsabilidad subsidiaria de FOGASA en los términos legalmente establecidos.

Notifíquese la presente resolución a las partes, haciéndoles saber que contra la misma **NO CABE RECURSO DE SUPPLICACION** en atención a la cuantía.

Así por esta mi sentencia de la que se llevará certificación a los autos de que dimana, definitivamente juzgado en la instancia, la pronuncio, mando y firmo.

Y para que sirva de notificación en legal forma a GECONSA ESPJ, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En SALAMANCA, a dieciséis de septiembre de dos mil diecinueve. **EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3576

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

DON SINESIO NOVO FERNÁNDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de Lugo, HAGO SABER:

Que en el procedimiento 97/2018 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de la FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN contra la empresa NORVAN CONSTRUCCIONES Y REFORMAS, S.L., sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

“Que estimando la demanda formulada por FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN contra la empresa “NORVAN CONSTRUCCIONES Y REFORMAS SL” debo condenar y condeno a la empresa demandada a abonar a la actora la cantidad de 157,43 euros por los conceptos que se recogen en el Hecho Probado Segundo.

Notifíquese esta Sentencia a las partes, con la advertencia de que es firme porque contra la misma no cabe interponer recurso de suplicación ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Así por esta mi sentencia definitiva, de la que se llevará testimonio a los autos, lo pronuncio, mando y firmo.”

Y para que sirva de notificación en legal forma a NORVAN CONSTRUCCIONES Y REFORMAS, S.L., expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

Lugo, quince de noviembre de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3577

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 VALLADOLID

Anuncio

D/Dª JOSE LUIS GARCIA ROIG, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 002 DE VALLADOLID.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª JOSE MANUEL DIEZ DUQUE contra LUCIA TEJEDO MUIÑ E INDECO LUGO SCP , en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000635 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a LUCIA TEJEDO MUIÑA, INDECO LUGO SCP , en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 10/12/2019 a las 12:15 horas, en LA SEDE DE ESTE JUZGADO, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **LUCIA TEJEDO MUIÑA E INDECO LUGO SCP**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En VALLADOLID, a veintiocho de octubre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3613
